



REAL ACADEMIA GALEGA

A AELG homenaxe a Euloxio R. Ruibal como 'O escritor na súa Terra'

28/06/2024

A trixésima edición da homenaxe *O/A escritor/a na súa Terra* da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) recoñeceu a traxectoria do dramaturgo Euloxio R. Ruibal. O académico de número descubriu un monólito cun texto da súa autoría no parque de Galeras de Santiago de Compostela, a cidade onde reside. A conmemoración continuou no Teatro Principal cun acto no que a laudatio do escritor correu a cargo da crítica teatral e escritora Inma López Silva.





Fonte: Distrito Xermar / AELG

O escritor participou ademais na plantación dunha abeleira, a árbore que el mesmo elixiu, e pronunciou [o discurso que pode lerse nesta ligazón](#) no propio parque, onde tamén tomaron a palabra o presidente da AELG, Cesáreo Sánchez Iglesias, e a alcaldesa de Santiago de Compostela, a académica correspondente Goretti Sanmartín.

A xornada continuou no Teatro Principal cun acto no que a *laudatio* do homenaxeado correu a cargo da crítica teatral e escritora Inma López Silva. Á celebración sumáronse o presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, e outros membros da institución.